



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Psicoloxía do desenvolvemento da linguaxe		Código	652G04007
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Bao Fente, María Concepción	Correo electrónico	maria.bao@udc.es	
Profesorado	Bao Fente, María Concepción	Correo electrónico	maria.bao@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende introducir aos estudantes no coñecemento das características xerais do desenvolvemento e da adquisición da linguaxe, centrándose na adquisición da lingua materna ou primeira lingua. Trata de presentar a linguaxe no contexto do comportamento humano, destacando as interrelacións entre linguaxe, motricidade, afectividade e cognición. A materia pretende achegar ao estudante ao coñecemento do desenvolvemento da linguaxe desde unha perspectiva profesionalizante. Por iso as prácticas de campo e de aula cobran unha importancia esencial no desenvolvemento da materia.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A2	Coñecer e integrar os fundamentos psicolóxicos da Logopedia: o desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento psicolóxico, a Neuropsicoloxía da linguaxe, os procesos básicos e a Psicolingüística.
A3	Coñecer e integrar os fundamentos lingüísticos da Logopedia: Fonética e fonoloxía, morfosintaxe, semántica, pragmática, sociolingüística.
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A18	Coñecer e realizar a intervención logopédica en Atención Temperá.
A26	Adquirir un coñecemento práctico para a avaliación logopédica.
A28	Adquirir un coñecemento práctico en intervención logopédica (formación práctica en ámbitos escolares, clínico-sanitarios e asistenciais).
A32	Utilizar tecnoloxías da información e da comunicación.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B5	Aprender autonomamente, e motivarse para facelo de forma continuada.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B24	Traballar en equipo e, de ser o caso, de forma interdisciplinar.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Recoñecer os procesos cognitivos, lingüísticos e sociais sobre os que se fundamenta o desenvolvemento da linguaxe	A2 A3 A32	B1 B2 B4 B5 B13	C3 C7
Identificar os fitos fundamentais do proceso de adquisición da linguaxe en cada un dos niveis de análise lingüística	A2 A3 A26	B1 B3 B5	C3 C6
Prever os diversos factores internos e externos do contexto de adquisición que inflúen no proceso de desenvolvemento da linguaxe	A2 A3 A8 A26	B1 B2 B3 B4 B13	C3 C6
Distinguir entre os procesos típicos ou atípicos de adquisición da linguaxe, atendendo á variación tanto individual como da contorna familiar e/ou escolar.	A2 A3 A8 A26 A32	B2 B3 B4 B13	C3 C6
Seleccionar ferramentas de avaliación axeitadas para a avaliación do desenvolvemento da linguaxe	A8 A26 A28 A32	B1 B2 B3 B4 B13	C3 C6
Analizar mostras de fala de acordo aos niveis lingüísticos fundamentais no desenvolvemento temperán da linguaxe e as adquisicións lingüísticas posteriores.	A3 A8 A26 A28	B2 B3 B4 B24	C3 C6 C7
Exemplificar aspectos típicos ou atípicos no desenvolvemento da linguaxe a partir das mostras analizadas.	A18 A26 A28	B2 B3 B4 B5 B24	C6 C7
Expor de forma argumentada o traballo (grupal) realizado.	A28 A32	B1 B2 B4 B13 B24	C3

Contidos	
Temas	Subtemas
1. O concepto de linguaxe e outros conceptos básicos	1.1. O concepto de desenvolvemento, a súa natureza e determinantes. 1.2. A comunicación humana. A linguaxe, as linguas e a fala: modalidades 1.3. Adquisición vs. aprendizaxe. Procesos evolutivos no desenvolvemento infantil.
2. A linguaxe como capacidade cognitiva	2.1. As relacións entre linguaxe e pensamento: Teorías, escolas e modelos. 2.2. Privación lingüística e semilingüismo. O desenvolvemento da linguaxe en situacións de privación sensorial: xordeira e cegueira 2.3. O desenvolvemento da linguaxe en contextos multilingües (L1, L2 e LE)



3. Primeiras adquisicións da linguaxe	3.1. Bases sociais, cognitivas e lingüísticas: as primeiras manifestacións comunicativas. O desenvolvemento multimodal. 3.2. O desenvolvemento fonolóxico 3.3. O desenvolvemento léxico e semántico 3.4. O desenvolvemento da morfoloxía e a sintaxe
4. Adquisicións posteriores da linguaxe	4.1. O desenvolvemento da pragmática. 4.2. A desenvolvemento do discurso. 4.3. As relacións entre linguaxe oral e escrita: características diferenciais e procesos básicos na aprendizaxe da lectura e escritura.
5. A avaliación do desenvolvemento da linguaxe	5.1. Dimensións, tipos de avaliación e probas. 5.2. Recursos e estratexias para a avaliación profesional 5.3. Orientacións para a (auto)avaliación na familia e na escola.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Proba mixta	A2 A3 A8 A18 A26 A28 A32 B2 B3 B13 C3	4	16	20
Análise de fontes documentais	A2 A3 A8 A18 B1 B2 B3 C6 C3	12	30	42
Estudo de casos	A3 A18 A26 A28 A32 B2 B3 B24 C6	10	30	40
Traballos tutelados	A2 A8 A26 B1 B2 B3 B24 C6 C3	10	20	30
Portafolios do alumno	B2 B4 B5 B24 C3 C6 C7	3	12	15
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	A avaliación dos contidos teóricos traballados nas sesións expositivas e interactivas farase a través dunha ou varias probas que combinan diferentes tipos de preguntas para valorar os coñecementos adquiridos polo alumnado.
Análise de fontes documentais	As lecturas, documentos audiovisuais, referencias, ect. que se revisarán no desenvolvemento das sesións expositivas e interactivas como introducción, complemento ou síntese dos contidos traballados de carácter teórico e práctico serán avaliados especificamente na/s proba/s mixta/s.
Estudo de casos	Nas sesións interactivas presentaránse mostras reais da linguaxe infantil que serán obxecto de análise a través do traballo colaborativo en pequenos grupos. Deste xeito situarase ao alumnado ante situacións concretas de avaliación e intervención logopédica.
Traballos tutelados	A posta en práctica das diferentes tarefas e actividades de tipo individual ou grupal que serán realizadas tanto nas sesións expositivas como interactivas servirán para aplicar os contidos teóricos traballados previamente e facilitar así unha aprendizaxe autónoma por parte do alumnado.
Portafolios do alumno	De xeito virtual, os estudantes realizarán ao longo do curso un cartafol no que recollerán todas as tarefas e actividades de aprendizaxe realizadas (esquemas, presentacións, traballos, lecturas, prácticas, etc.) có fin de facilitar a reflexión e autoavaliación do proceso formativo.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Portafolios do alumno	Para a análise das fontes documentais, a realización dos estudos de casos e dos traballos tutelados é importante consultar có profesorado os avances que se vaian realizando progresivamente para dispoñer das orientacións necesarias en cada caso e asegurar a súa adecuación aos obxectivos de aprendizaxe propostos.
Análise de fontes documentais	A elaboración do portafolio pretende facilitar a autoavaliación por parte do alumnado e a avaliación formativa por parte do profesorado polo que tamén é aconsellable a atención personalizada.
Estudo de casos	En todos os casos o seguimento farase preferentemente de forma individualizada a través da aula virtual e titorías tanto presenciais como non presenciais.
Traballos tutelados	

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	B2 B4 B5 B24 C3 C6 C7	O cartafol servirá como mostra ou evidencia das aprendizaxes acadadas na materia. Deberá presentarse ao remate da mesma, debidamente estruturado de acordo as indicacións efectuadas para a súa realización. Para facilitar a autoavaliación, o alumnado seleccionará e incorporará os materiais que considere oportunos entre todos os produtos finais do traballo realizado nas sesións expositivas e interactivas. Entre o material seleccionado poderá incorporar os comentarios ou cualificacións oportunas realizadas por parte do profesorado ou compañeiros. A súa entrega en prazo e forma oportunas suporá, como máximo, un 10% da cualificación total da materia.	10
Proba mixta	A2 A3 A8 A18 A26 A28 A32 B2 B3 B13 C3	Realizaranse varias probas de avaliación dos contidos impartidos ao longo do curso. Cada proba consistirá na resolución de cuestións de diferentes tipos, p.ex. de relacionar, de resposta curta así como de cuestións tipo test (varias alternativas de resposta nas que o estudantado deberá escoller cal é a correcta). En total, todas as probas terán un peso do 40% da nota final.	40
Análise de fontes documentais	A2 A3 A8 A18 B1 B2 B3 C6 C3	A revisión e análise das lecturas e fontes documentais avaliarase a través das tarefas e actividades propostas tanto nas sesións expositivas como interactivas. A entrega en prazo e forma oportunas de todos os cuestionarios e exercicios realizados individualmente sobre as fontes documentais suporá, como máximo, un 10% da cualificación final.	10
Estudo de casos	A3 A18 A26 A28 A32 B2 B3 B24 C6	A análise e resolución dos casos prácticos presentados nas sesións interactivas será o 25% da cualificación final da materia.	25
Traballos tutelados	A2 A8 A26 B1 B2 B3 B24 C6 C3	As tarefas e actividades propostas nas sesións expositivas e interactivas permitirán a (auto)avaliación continua dos progresos de cada estudante na consecución dos contidos programados, tanto teóricos como prácticos. Os traballos e comentarios realizados individualmente terán un peso do 15% na cualificación total da materia.	15

### Observacións avaliación



## OBSERVACIÓNS RELEVANTES:

- Primeira oportunidade: Para superar a materia debe obterse unha cualificación positiva en cada unha das metodoloxías propostas. É necesario obter unha puntuación do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación: proba/s mixta/s (deben superarse cada unha das probas ou partes que a compoñen), estudos de casos (igualmente, deben aprobarse cada un dos estudos propostos), traballos tutelados (tamén deben superarse cada un dos traballos realizados) e portafolio (cualificación mín.5%).

a) Traballo en grupo (máx.50%): Elaboración e presentación dos estudos de casos (25%) e traballos tutelados (15%), así como a elaboración e presentación dun portafolio (10%).

b) Traballo individual (máx. 50%): Realización das probas escritas sobre os contidos da materia (40%), nas que se evidencie o análise realizado das fontes documentais (10%).

c) Poderá optar a avaliación continua na primeira convocatoria, sen necesidade de presentarse a/s proba/s oficial, o alumnado que supere o traballo individual e grupal e teña unha asistencia/participación nas actividades lectivas igual ou superior ao 85%

d) O alumnado con dispensa académica realizará todo o traballo dun xeito individual pero serán as mesmas tarefas e actividades planificadas: proba/s mixta, análise de fontes documentais, estudo de casos, traballos tutelados e portafolio.

- Segunda oportunidade: A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria da primeira oportunidade (maio/xuño).

- Oportunidade adiantada: Os criterios, actividades de avaliación e o seu peso na avaliación global serán os establecidos como obrigatorios no resto de convocatorias: proba/s mixta/s (50%), estudos de caso e traballos tutelados (40%) e portafolio (10%).

## ESPECIFICACIÓNS ADICIONAIS:

1. Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

2. Antes do remate do período de actividades lectivas presentaranse todas as tarefas e actividades realizadas tanto nas sesións expositivas como interactivas: é condición indispensable para presentarse a proba oficial tanto na primeira como na segunda oportunidade. Na convocatoria adiantada presentaránse unha semana antes da data establecida oficialmente.

A non presentación en prazo e forma oportunas implicará unha cualificación das mesmas do 50%, como máximo, de acordo ás porcentaxes de ponderación especificadas para cada unha de elas.

3. O portafolio será presentado a máis tardar na data establecida para a proba oficial. A non presentación en prazo e forma oportunas implicará unha cualificación do 50%, como máximo, da porcentaxe de ponderación establecida.

4. Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria nesta materia incorporase a perspectiva de xénero. Entre outras medidas, usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos e propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas. Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. No caso de detectar situacións de discriminación por razón de xénero, proponanse accións e medidas para corrixilas.



**Bibliografía básica**

- Aparici Aznar, Melina y Igualada, Alfonso (eds.) (2018). El desarrollo del lenguaje y la comunicación en la infancia. Barcelona: Editorial UOC
  - Escandell Vidal, M. Vitoria (2009). El lenguaje humano. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces
  - Moreno Cabrera, Juan Carlos (2013). Cuestiones clave de la Lingüística. Madrid: Síntesis
  - Mariño, Xurxo (2020). La conquista del lenguaje: Una mirada a la evolución de la mente simbólica. Barcelona: Sackleton Books
  - Owens, Robert (2003). Desarrollo del lenguaje. Pearson Alhambra
  - Karmiloff, K. y Karmiloff- Smith, A. (2005). Hacia el lenguaje. Madrid: Morata
  - Escandell Vidal, M. Vitoria. (2014). La comunicación: lengua, cognición y sociedad . Madrid: AKal
  - López García, Angel (1988). Psicolingüística. Madrid: Síntesis
  - Peraíta, Herminia (1988). Adquisición del lenguaje. . Madrid: UNED
  - Serra, M., Serrat, E., Solé, R., Bel, A. y Aparici, M. (2000). La adquisición del lenguaje.. Barcelona: Ariel
  - Vila, Ignasi (1990). Adquisición y desarrollo del lenguaje. Editorial Graó
- Referencias fundamentais: Bruner, J. (1984) Acción, pensamiento y lenguaje. Madrid: Alianza. Bruner, J. (1986) El habla del niño. Aprendiendo a usar el lenguaje. Barcelona: Paidós. Bruner, J. y Watson, R. (1995). El habla del niño : aprendiendo a usar el lenguaje . Barcelona: Paidós. Chomsky, N., Mukherji, N., Patnaik, B. y Agnihotri, R. (2000). The architecture of language. New Delhi: Oxford University Press. Jakobson, R. y Hall, M. (1973) Fundamentos del lenguaje. Madrid: Ayuso. Langacker, R. (1978-1991). Foundations of Cognitive Grammar I, II. Standford: The University Press. Luria, A. R. y Yudovich, F. (1978) Lenguaje y desarrollo intelectual en el niño. Madrid: Siglo XXI. Piaget, J. (1923). Le langage et la pensée chez l'enfant. Paris. Sperber, D y Wilson, D. (1986, trad. Esp. 1994). La Relevancia. Comunicación y procesos cognitivos. Madrid: Visor. Vygotsky, L. (1963). Thought and Language. Cambridge: The MIT Press.



<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>- López García, Angel (2000). <i>Psicolingüística</i>. En F. Ramallo, G. Rei Doval y XP Rodríguez Yañez (eds.): <i>Manual de Ciencias da Linguaxe</i>. Vigo: Xerais</p> <p>- Pinker, Steven (1995). <i>El instinto del lenguaje. Cómo crea el lenguaje la mente</i>. Madrid: Alianza</p> <p>- Tomasello, Michael (2013). <i>Los orígenes de la comunicación humana</i>. Madrid: Katz</p> <p>- Tomasello, Michael and Bates, Elisabeth (2001). <i>Language development the essential readings</i>. Massachusetts : Blackwell</p> <p>- Más Salguero, María José (2020). <i>El cerebro en su laberinto: los trastornos del neurodesarrollo</i>. Pamplona: Next Door Publishers</p> <p>- Marchesi, A. ... [et al.] (1995). <i>Desarrollo del lenguaje y el juego simbólico en los niños sordos profundos</i>. Ministerio de Educación, Política Social y Deporte . Subdirección General de Información y Publicaci</p> <p>- Muñoz Silva, Alicia; Alonso Martín, Pilar y Angulo García, Juan (2004). <i>Adquisición, desarrollo y trastornos del lenguaje infantil</i>. Universidad de Huelva. Servicio de Publicaciones</p> <p>Otras referencias de interese: Belichón, M., Rivièrè, A. e Igoa, J.M. (1992) <i>Psicología del lenguaje. Investigación y teoría</i>. Valladolid: Trotta S.A. Bronckart, J.P. (1980) <i>Teorías del lenguaje</i>. Barcelona: Herder. Brown, R. (1981) <i>Psicolingüística: algunos aspectos acerca de la adquisición del lenguaje</i>. México: Trillas. Bush, W. y Taylor, M. (1984) <i>Cómo desarrollar las aptitudes psico-lingüísticas. Ejercicios prácticos</i>. Barcelona: Martínez Roca. Clemente, R.A. (1995) <i>Desarrollo del lenguaje</i>. Barcelona: Octaedro. Clemente Linuesa, M. (1989): <i>Actividades para el desarrollo del lenguaje</i>. ICE: Salamanca. Galeote, M.A. (2002). <i>Adquisición del lenguaje: problemas, investigación y perspectivas</i>. Madrid: Pirámide. García Madruga, J. y Lacasa, P. (1990) <i>Psicología evolutiva 1</i>. Caps. 14 y 15. Madrid: U.N.E.D. González, A., Fuentes, J., de la Morena, L. y Barajas, C. (1995) <i>Psicología del desarrollo: Teoría y prácticas</i>. Málaga: Aljibe. Hoffman, L.; Paris, S. y Hall, E. (1995). <i>Psicología del desarrollo hoy</i>. Madrid: McGraw-Hill. Herriot, P. (1977) <i>Introducción a la psicología del lenguaje</i>. Barcelona: Labor. Luke, A. y Vila, I. (1990) <i>Desarrollo del lenguaje</i>. En J. Palacios, A. Marchesi y C. Coll (comps.) <i>Desarrollo psicológico y educación 1</i>. Psicología evolutiva. Madrid: Alianza. Miller, G.A. (1985) <i>Lenguaje y habla</i>. Madrid: Alianza. Nelson, K. (1985) <i>El descubrimiento del sentido</i>. Madrid: Alianza. Oléron, P. (1981) <i>El niño y la adquisición del lenguaje</i>. Madrid: Morata. Rondal, J.A. (1990) <i>La interacción adulto-niño y la construcción del lenguaje</i>. México: Trillas. Rondal, J.A. (1999). <i>El desarrollo del lenguaje</i>. Barcelona: ISEP Universidad. Ruiz, M. (2000). <i>Cómo analizar la expresión oral de los niños y niñas</i>. Málaga: Aljibe. Siguán, M. (1979) <i>Lenguaje y clase social</i>. Madrid: Pablo del Rio Editor. Siguán, M. (1984) <i>Estudios sobre psicología del lenguaje infantil</i>. Madrid: Pirámide. Silvestre, N. y Solé, R. (1993) <i>Psicología Evolutiva. Infancia y preadolescencia</i>. Caps. 5, 9, 13 y 14. Barcelona: CEAC. Slobin, D. (1979) <i>Siete preguntas acerca del desarrollo del lenguaje</i>. En J. Delval (comp.): <i>Lecturas de Psicología del niño 2. El desarrollo cognitivo y afectivo del niño y del adolescente</i>. Madrid: Alianza. Soto, P. (1984) <i>El desarrollo del lenguaje</i>. En J. Palacios, A. Marchesi y M. Carretero (comps.): <i>Psicología Evolutiva 2. Desarrollo cognitivo y social del niño</i>. Madrid: Alianza. Triadó, C. y Forns, M. (1989). <i>La evaluación del lenguaje: Una aproximación evolutiva</i>. Barcelona: Anthropos. Valle, F., Cuetos, F., Igoa, J. y del Viso, S. (1990) <i>Lecturas de Psicolingüística 1. Comprensión y producción del lenguaje</i>. Madrid: Alianza. Psicología. Peralbo, M.; Gómez- Durán, B.J.; Santórum, R. y García, M. (Coord.) (1998). <i>Desarrollo del lenguaje y cognición</i>. Madrid: Pirámide. Tomasello, M. (2003). <i>Constructing a language: a usage-based theory of language acquisition</i>. Cambridge (Mas.): Harvard University Press. Vasta, R.; Haith, M.M. y Miller, S.A. (1996). <i>Psicología infantil</i>. Barcelona: Ariel. Vieiro, P.; Peralbo, M. y García Madruga, J.A. (1997). <i>Procesos de adquisición y producción de la lecto-escritura</i>. Madrid: Aprendizaje-Visor. Vila, I. (1984) <i>Del gesto a la palabra: una explicación funcional</i>. En J. Palacios, A. Marchesi y M. Carretero (comps.): <i>Psicología Evolutiva 2. Desarrollo cognitivo y social del niño</i>. Madrid: Alianza. Villiers, A. de y Villier, J. de (1980) <i>Primer lenguaje</i>. Madrid: Morata. Ward, S. (2001). <i>Babytalk: el libro pionero y decisivo para ayudar a los niños en el lenguaje y la comunicación</i>. Madrid: Debate.</p>
------------------------------------	--

**Recomendacións**

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

Lingüística/652G04004

Psicolingüística/652G04003

**Materias que se recomienda cursar simultaneamente**



Bases didácticas da intervención logopédica/652G04008

Fundamentos de avaliación e diagnóstico/652G04010

#### Materias que continúan o temario

Intervención logopédica nos trastornos da linguaxe/652G04034

Lingüística clínica/652G04042

#### Observacións

Os contidos e actividades serán accesibles para todo o alumnado. No caso do alumnado con diversidade funcional ou NEAE facilitarase a adquisición das competencias da materia dun xeito inclusivo, de acordo as recomendacións e axustes razoables propostos pola Unidade de Atención á Diversidade (ADI).&nbsp;

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías